

1

Sen tempo para os consensos

Hai case

vinte anos que morreu Ramón Piñeiro o 27 de agosto de 1990 en Santiago, á idade de setenta e cinco anos. Aínda viven e actúan a maioría dos que se sentiron beneficiados ou prexudicados polas súas ideas e os seus actos. Moi pouco tempo, xa que logo, para a avaliación ecuánime e para o acordo arredor da súa figura, sen dúbida merecente desta conmemoración que, porén, pode ser prematura.

Mais a efeméride obriga. Así que procuraremos sintetizar aquí o fundamental da súa traxectoria e as consecuencias maiores que, na nosa opinión, tivo para a cultura e a política en Galicia. Cómpre lembrarmos de entrada que Piñeiro, activo militante do nacionalismo galego dende 1932, foi un dos superviventes da gran desfeita de 1936-1939 que máis fixo por reconstruír o Partido Galeguista e manter viva a loita pola democracia contra o franquismo nas durísimas condicións da primeira posguerra, e que como consecuencia desta actividade clandestina sufriu prisión dende 1946 a 1949.

Mais a partir de 1950, o grupo do que formaba parte tomou a decisión de abandonar a actividade política clandestina e emprender a vía legal da acción ideolóxico-cultural, artellada arredor da editorial Galaxia. Naquelas circunstancias, esta táctica defensiva era probablemente axeitada, por máis que o que quedaba do nacionalismo galego na emigración non estivese de acordo.

A esta nova empresa Piñeiro dedicou todas as súas enerxías e todo o seu tempo dirixindo a editorial e a revista *Grial*, colaborando na creación da Fundación Penzol, redactando ensaios en defensa da lingua e da identidade de Galicia máis tamén de revisión do seu nacionalismo de partida, practicando o adoutramento de mozos universitarios, escribindo milleiros de cartas e conversando infatigablemente con centos de persoas para espallar as súas ideas. Deste modo foi tecendo unha tupida rede de relacións persoais, base dun grupo de afíns, difuso pero ideoloxicamente consistente. A eficacia política deste labor saíría á luz despois da fin da ditadura. Sen dúbida, foi unha contribución capital para a pervivencia do galeguismo activo e da práctica da cultura galega entre sectores minoritarios

pero non insignificantes da sociedade. Os seus froitos aínda están entre nós, e non só porque algunhas desas creacións sigan en pé, senón sobre todo porque foron a ponte que permitiu a pervivencia ininterrompida dunha tradición cultural e ideolóxica. Coido que sobre isto si que pode haber consenso no recoñecemento da importancia do seu labor.

Non acontece o mesmo coa dimensión política. Aquela táctica defensiva dos anos cincuenta acabou convertida nunha estratexia que negaba a conveniencia do nacionalismo galego como instrumento de defensa da galegitude e de solución dos graves problemas do país. E así naceu o galeguismo non nacionalista, a achega maior de Ramón Piñeiro á política galega. Un galeguismo no que hai continuidades e rupturas respecto do nacionalismo de partida.

As continuidades corresponden a partes da concepción básica de Galicia e á identificación dos seus problemas, así como a arela dunha autonomía baseada nunha democracia auténtica. Galicia era para Piñeiro un pobo singular, por mor da súa lingua, manifestación maior dunha “alma” e dunha cultura propias, todas asoballadas durante séculos e que cumpría defender e normalizar. A este problema indentitario engadíanse outros de índole socioeconómica, que cabía resumir no “atraso”, do que o principal responsable histórico fora o Estado español. Tamén lle reprochaba á Igrexa a súa contribución á castelanización “unilateral” de Galicia. Para remediar estes males cumpría facer “unha revolución psicolóxica” que reavivase a “conciencia colectiva dos galegos”, fomentando a solidariedade. E para iso non había “máis que un camiño: o da revalorización profunda da cultura galega”.

As rupturas son basicamente dúas. A primeira, o abandono do concepto nación galega en canto suxeito lexítimo de soberanía, isto é, con dereito a decidir sobre si mesma, aínda que o exercicio dese dereito desembocase no federalismo (como fixera o Partido Galeguista) e non no separatismo. A segunda ruptura, relacionada coa anterior, foi negar que Galicia necesitase partidos nacionalistas e afirmar que o que necesitaba era que todos os partidos asumisen o galeguismo, isto é, a vontade de “afirmar e desenvolver a



súa personalidade total [de Galicia], tanto no plano dos problemas e posibilidades de orde vital como no das posibilidades e arelas de orde espiritual”.

Deste modo, converteu unha palabra vella, *galeguismo*, nunha categoría política nova que agora non só era cualitativamente diferente de *nacionalismo galego*, senón oposta no plano político, pois postulábase como unha receita máis beneficiosa para o país. Con isto Piñeiro lanzou ó mercado político un produto de gran futuro porque, en efecto, o tal galeguismo tiña vocación de transversalidade ideolóxica e política. Os seus fundamentos teóricos e o seu “programa” de regaleguización do país e de superación do atraso eran compatibles con calquera tendencia, agás co españolismo máis uniformizador e intolerante.

Nun primeiro momento, intentou instrumentar ese galeguismo mediante a creación de partidos galegos soberanos. E así naceu o Partido Socialista Galego en 1963. Pero a realidade demostrou en poucos anos que os partidos exclusivamente galegos e galeguistas, pero non nacionalistas, eran imposibles, pois ou nacían xa como nacionalistas (UPG en 1963-1964) ou derivaban rapidamente do galeguismo ó nacionalismo, como aconteceu co propio PSG a partir de 1970-1971. O fallo desta vía levouno a apostar pola galeguización das organizacións galegas dos partidos estatais. Foi o último acto da súa ruptura co nacionalismo.

E así, dende o tardofranquismo á instauración da autonomía, Piñeiro puxo a súa rede de relacións e influencias ó servizo da galeguización dos partidos non nacionalistas actuantes en Galicia, agás os comunistas, o que significaba que modulasen aquí a súa mentalidade e a súa práctica facéndoas receptivas á lingua, á cultura e ós problemas específicos do país. Os resultados deste esforzo non foron pequenos, pois conseguiu colocar axentes galeguizadores de primeira liña en opcións moi diversas (UCD, AP e PSOE). E, aínda que non públicos, os bos oficios de Piñeiro contribuíron en 1980 a desatascar a situación do Estatuto de Autonomía mediante aquel Pacto do Hostal que lle deu a Galicia unha autonomía de primeiro nivel constitucional.

O feito é que un galeguismo difuso acabou

tinxindo todos os territorios non nacionalistas do mapa político galego. Por suposto, Piñeiro non foi o único fecedor dos maiores ou menores aderezos galeguistas deses partidos, pero si foi un contribuínte maior á xenese e consolidación dun dos riscos máis característicos da política galega recente: ese *galeguismo* non nacionalista (ás veces mesmo antinacionalista) de usos moi polivalentes. Por un lado, vén sendo un instrumento relativamente eficaz para frear a expansión social do nacionalismo galego en beneficio dos partidos de ámbito estatal, co que incidiu e incide na configuración do mapa político do país. Por outro lado, a falta de maiorías nacionalistas de goberno, axudou á preservación da lingua e da cultura galegas e a superación dese complexo colectivo de inferioridade que tanto preocupaba a Piñeiro.

Os partidos de ámbito español esgrimen en Galicia o legado de Piñeiro como algo beneficioso para o país mais tamén como corpus ideolóxico de descualificación do nacionalismo. Naturalmente, o nacionalismo galego reacciona en contra dese galeguismo que é utilizado no seu detrimento na competencia polo poder. Mentres isto dure, e vai durar moito, a evocación da figura de Piñeiro provocará unha controversia de imposible superación.

Xusto Beramendi. Catedrático de Historia Contemporánea na Universidade de Santiago. Autor de *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, editada por Xerais, obra coa que gañou no ano 2008 o Premio Nacional de Ensaio.